
AQUELA PRAIA DOS HAMPTONS

Texto de MARCO MALFATTO

Ilustración da cuberta de ADRIÀ FRUITÓS

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 148 páx. 16 €

Aquela praia dos Hamptons (galego)

ISBN 978-84-19213-11-2. Lecturas expertas. Narrativa K.

Aquella playa de los Hamptons (castelán)


ISBN 978-84-19213-12-9. Lecturas expertas. Narrativa K.

Mentres agardaba por Merton aquela mañá no seu despacho de Queens, onde levaba xa un cuarto de hora sentado co mellor ánimo despois de ser citado ás dez polo propio Merton, descubrín alarmado e por casualidade ao cruzar as pernas que, sen ningunha explicación máis alá do simple desgaste, levaba un burato no calcañar do calcetín dereito do diámetro da nora de Coney Island, o que me sumiu nun estado de abatemento moi desaconsellábel para afrontar a reunión en que Merton, como xa me anunciara, ía encomendarme o guión dunha nova serie.

A recomendación por parte do seu terapeuta dun paseo relaxante polas praias dos Hamptons leva o protagonista desta historia a coincidir cun exitoso produtor de televisión que coñece dende hai tempo, quen lle ofrece a posibilidade de revitalizar a súa carreira como guionista e lle encarga o guión dunha bucólica serie familiar ambientada nas montañas. Con todo, o único que parece preocuparlle é un burato no seu calcetín dereito.

A partir dese momento, irase revelando de forma progresiva unha realidade marcada por delirantes e cómicas obsesións. A súa única redención parece ser volver unha vez e outra a aquela praia dos Hamptons para encontrar o sosego e a inspiración que precisa para terminar o seu guión.

Cun humor mordaz e unha divertida prosa narrada en primeira persoa, «Aquela praia dos Hamptons» é unha novela breve enxeñosamente concibida que remite a un xogo narrativo inspirado na mestura das escritas de Thomas Bernhard e Woody Allen.



-
- **Temática:** historia dun guionista obsesivo.
 - **Destinatarios:** lectores adultos.
 - **Aspectos destacables:** comedia, humor; xogo narrativo; obsesións; produción televisiva; ambientación no Nova York dos anos oitenta.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/aquela-praia-dos-hamptons-g>
-

Marco Malfatto

(Vigo, 1963)

Descendente de emigrantes arxentinos, retornou ao país dos seus pais ao facer a maioría de idade. Posteriormente realizou estudos de filosofía, psicoloxía e arte dramática en distintas cidades do continente americano, incluída Nova York. Nesta cidade, na que reside na actualidade, traballou de repartidor de xornais, lector, corrector e redactor de pasatempos para o diario *The Monday Sheet* na súa edición en español. Cunha ampla traxectoria xornalística de máis de 30 anos, estréase agora na ficción literaria con esta delirante comedia ambientada na Nova York de finais dos anos oitenta do pasado século.

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
